



Concello de Cervantes

SOLICITUDE DE CESIÓN TEMPORAL DUN XERADOR ELÉCTRICO DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE CERVANTES

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

☐ Persoa física

- Nome e apelidos: _____
- DNI/NIE: _____
- Enderezo: _____
- Concello: _____ C.P.: _____
- Teléfono: _____
- Correo electrónico: _____

☐ Persoa xurídica

- Denominación social: _____
- CIF: _____
- Enderezo social: _____
- Concello: _____ C.P.: _____
- Teléfono: _____
- Correo electrónico: _____

Representante (de ser o caso)

- Nome e apelidos: _____
 - DNI/NIE: _____
 - Enderezo: _____
 - Concello: _____ C.P.: _____
 - Teléfono: _____
 - Correo electrónico: _____
-

2. EXPÓN

Que solicita a cesión temporal dun xerador eléctrico de titularidade do Concello de Cervantes para a seguinte finalidade:





Concello de Cervantes

Lugar onde se utilizará o xerador:

3. PERÍODO SOLICITADO

- **Data de traslado do xerador nas dependencias municipais:** ____ / ____ / ____
 - **Data recollida do xerador:** ____ / ____ / ____
-

4. SOLICITA

Que lle sexa autorizada a cesión temporal do xerador eléctrico nas datas indicadas, comprometéndose ao cumprimento das condicións de uso e da declaración responsable que figura neste documento.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

A persoa solicitante, baixo a súa responsabilidade,

DECLARA

1. Que empregará o xerador eléctrico exclusivamente para a finalidade indicada na presente solicitude e durante o período autorizado polo Concello de Cervantes.
2. Que fará un uso adecuado, dilixente e responsable do equipamento, respectando en todo momento as normas de seguridade, as instrucións de funcionamento e a normativa vixente.
3. Que o xerador será entregado polo Concello co depósito de gasóleo cheo, comprometéndose a devolvelo na data establecida co depósito igualmente cheo.
4. Que comunicará de forma inmediata ao Concello calquera avaría, dano, incidencia ou anomalía que se produza durante o período de cesión, absténdose de realizar reparacións ou manipulacións non autorizadas.
5. Que se recollerá o xerador na data fixada e no mesmo estado de conservación e funcionamento no que foi recibido, agás o desgaste normal derivado do seu uso.
6. Que será responsable dos danos, perdas, avarías ou deterioro ocasionados por un uso indebido, negligente ou contrario ás condicións desta cesión, asumindo os custos da súa reparación, reposición ou calquera outra responsabilidade que poida derivarse.
7. Que asume a responsabilidade polos danos persoais ou materiais que poidan producirse como consecuencia da utilización do xerador durante o tempo que permaneza baixo a súa custodia. Así mesmo, declara coñecer e aceptar que o Concello non se fará cargo dos desperfectos, avarías ou danos que o funcionamento ou a utilización do grupo electrógeno poida ocasionar noutros equipos, instalacións ou aparellos conectados ao mesmo, sendo esta responsabilidade exclusiva da persoa ou entidade solicitante.
8. Que queda expresamente prohibido destinar o xerador a un uso distinto do indicado na solicitude, empregalo para actividades inadecuadas, perigosas ou contrarias á normativa vixente, así como utilizalo con fins diferentes aos autorizados polo Concello.
9. Que queda expresamente prohibida a cesión, préstamo, alugueiro ou posta á disposición do xerador a favor de terceiras persoas físicas ou xurídicas sen a autorización previa e expresa do Concello de Cervantes.
10. Que non realizará modificacións, manipulacións ou alteracións no equipamento nin utilizará combustibles, lubricantes ou consumibles distintos dos recomendados polo





Concello de Cervantes

fabricante.

11. Que coñece e acepta que o Concello de Cervantes poderá revogar ou deixar sen efecto a autorización de cesión, mesmo durante o período autorizado, cando concorran razóns de interese público, necesidades municipais, causas de forza maior ou cando resulte necesario dispoñer do xerador para atender servizos municipais urxentes ou de emerxencia, sen que iso xere dereito a indemnización ou reclamación.

12. Que igualmente poderá revogarse a cesión de maneira inmediata cando se comprobe un uso inadecuado do xerador, o incumprimento das condicións desta declaración responsable ou das instrucións municipais, ou calquera utilización distinta da autorizada.

13. Que acepta expresamente todas as condicións establecidas nesta declaración responsable e coñece que o seu incumprimento poderá dar lugar á esixencia das responsabilidades administrativas, civís ou penais que correspondan, así como á denegación de futuras autorizacións ou cesións de material municipal.

14. Igualmente, a persoa solicitante comprométese a incluír o escudo oficial do Concello como entidade colaboradora en toda a publicidade, cartelaría, programas, redes sociais ou calquera outro material de difusión relacionado coa actividade para a que se solicita o grupo electrógeno.

En proba de conformidade, asina a presente declaración.

En Cervantes, ____ de ____ de ____.

A persoa solicitante / representante

Asdo.: _____

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

X Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais e/ou os do menor (no seu caso) é o Concello de Cervantes con dirección en Rúa Deputación S/N CP 27664, Cervantes (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, así como efectuar a xestión administrativa e contable derivada da actividade. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso e explícito que nos outorga mediante a firma do presente documento e a marcación das cascas de permisos correspondentes. Nin os seus datos persoais nin os do menor cederanse a terceiros, salvo que exista unha obriga legal para iso. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.





Concello de Cervantes

Información Adicional pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección <https://cervantes.sedelectronica.gal/privacy>

SR. ALCALDE- PRESIDENTE CONCELLO DE CERVANTES

